

ORDENANZAS REGULADORAS DE TAXAS E PREZOS PÚBLICOS

B. Ordenanzas reguladoras de taxas

B.1 Ordenanzas reguladoras de taxas pola prestación de servizos públicos.

B.1.4 ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NAS COMUNICACIÓNS PREVIAS, DECLARACIÓN RESPONSABLES E NO OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS.

ARTIGO 1.- Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola intervención municipal nas comunicacións previas, declaracións responsables e no outorgamento de licenza de apertura de establecementos, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, que nas súas normas atende o previsto no artigo 57 do citado R.D.L. 2/2004.

ARTIGO 2.- Feito imponible.

1.- Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a verificar se os establecementos reúnen as condicións de tranquilidade, sanidade, salubridade, así como outras esixidas polas correspondentes Ordenanzas ou Regulamentos municipais ou xerais para o seu normal funcionamento, como presuposto necesario e previo para o outorgamento por este Concello da Licenza de Apertura á que se refire o artigo 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, tanto si esa actividade se produce como consecuencia dunha petición do interesado, coma de comunicacións previas ou declaracións responsables e no caso de orixinarse por comprobacións ou inspección da apertura sen que o titular solicitase ou obtivese a licenza.

2.- A tal efecto, terá consideración de apertura:

- A instalación por vez primeira da actividade desenrolada no establecemento, para dar comezo ás súas actividades.
- Os traslados de locais.
- O cambio de actividade desenrolada no establecemento, aínda que continuada o mesmo titular e a ampliación das actividades desenroladas no establecemento.
- O cambio de titularidade.
- A ampliación do establecemento e calquera alteración que se leve a cabo neste, e que afecte ás condicións sinaladas no apartado 1 deste artigo, esixindo unha nova verificación das mesmas.

3.- Entenderase por establecemento que esixe a obtención de licenza para a súa apertura toda edificación habitable, estea ou non aberta o público, que no se destine exclusivamente a vivenda, e que:

- Se dedique ó exercicio de algunha actividade económica de carácter comercial, industrial, de servizos, profesional e artística suxeita ou non ó imposto sobre actividades económicas.
- Aínda sen desenrolarse aquelas actividades, sirvan de auxilio ou complemento para as mesmas, ou teñan relación con elas na forma que lles proporcionen beneficios ou aproveitamento, como, por exemplo, sedes sociais, axencias, delegacións ou sucursais de entidades xurídicas, escritorios, oficinas, despachos ou estudos.

ARTIGO 3.- Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas, e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, titulares da actividade que se pretende desenrolar ou, no seu caso se desenrole en calquera establecemento industrial ou mercantil.

ARTIGO 4.- Responsables.

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios da débeda tributaria as persoas ou entidades que se recollen no artigo 43 da Lei Xeral Tributaria e co alcance que sinala dito artigo.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000B9EE300J0S4O2S8S9D2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 15/10/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/10/2021 12:21:22

EXPEDIENTE ::
2021APOF000005
Fecha: 07/10/2021
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E5000B9EE300J0S4O2S8S9D2



ARTIGO 5.- Base imponible e tarifas.

1.- O importe da taxa desta licenza satisfarase unha soa vez e o importe será equivalente a multiplicar por 3,15 a tarifa recollida no Real Decreto Legislativo 1175/1990, de 28 de setembro, que aproba as tarifas e instrución do imposto sobre actividades económicas, correspondente a actividade concreta de que se trate, independentemente da obriga ou non de tributar por dito imposto, salvo no disposto nos parágrafos seguintes.

2.- Cando se trate de axencias, sucursais ou delegacións de empresas non radicadas na localidade, o importe do dereito ou taxa será, como máximo:

- Entidades bancarias, financeiras e caixas de aforros: **5.602,23 €.**
- Hipermercados, supermercados e centros comerciais: **2.774,53 €.**
- Outras actividades: **1.379,03 €.**

3.- No caso de espectáculos públicos por breve tempada, os dereitos establecidos reduciranse proporcionalmente o tempo en que realmente estean en funcionamento, tomado a cota do apartado 1 deste artigo como base anual.

4.- Os dereitos pola expedición da licenza de apertura quedarán limitados a unha cota de **280,14 €** cando se trate de actividades mercantís ou industriais exentas ou con cota cero no imposto de actividades económicas.

5.- As ampliacións de establecementos para a mesma actividade tributarán por esta taxa cunha cota de 3,15 veces o valor do incremento do elemento superficie a efectos do IAE.

6.- No caso de desistimento formulado polo solicitante con anterioridade a concesión da licenza, as cotas a liquidar serán do 20 % das establecidas, sempre que a actividade municipal se iniciase efectivamente.

7.- Os titulares de actividades e instalacións están obrigados a comunicar ao Concello os cambios de titular. Cambio de titularidade en apertura de establecementos: 61,08 €.

ARTIGO 6.- Devengo.

1.- Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible. A estes efectos, enténdese iniciada a devandita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de apertura, se o suxeito pasivo formulase expresamente esta, ou coma da comunicación previa o declaración responsable.

ARTIGO 7.- Declaración.

1.- As persoas interesadas na obtención dunha licenza de apertura de establecemento industrial ou mercantil presentarán previamente, no Rexistro Xeral, a oportuna solicitude, ou os obrigados ao trámite de comunicación previa ou declaración responsable, con especificación da actividade ou actividades a desenrolar no local, acompañada do último recibo acreditativo do pago do imposto de actividades económicas e xustificante de alta do local no imposto sobre inmoables, ademais do resto da documentación legalmente establecida en cada caso.

2.- Se despois de formulada a solicitude de licenza de apertura, comunicación previa ou declaración responsable se variase ou ampliase a actividade a desenrolar no establecemento ou ben ampliase o local inicialmente previsto, estas modificacións haberán de poñerse en coñecemento da Administración Municipal co mesmo detalle e alcance que se esixen na declaración prevista no número anterior.

ARTIGO 8.- Liquidación e ingreso.

1.- No momento de presenta-la solicitude de licenza, comunicación previa ou declaración responsable, efectuarase liquidación provisional por importe da cota prevista nesta ordenanza, que o interesado deberá ingresar na Tesourería Municipal. Non se admitirá a trámite solicitude de licenza, comunicación previa ou declaración responsable algunha sen o xustificante de ingreso da liquidación provisional.

2.- Finalizada a actividade municipal, e unha vez ditada a resolución municipal que proceda respecto da licenza de apertura, practicarase a liquidación definitiva correspondente, deducíndose na mesma o importe da liquidación provisional, e notificaranse ós interesados segundo o establecido no artigo 102.1 e 102.2 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 9.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E500B9EE300J0S4O2S8S9D2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 15/10/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/10/2021 12:21:22

EXPEDIENTE ::
2021APOF000005
Fecha: 07/10/2021
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E500B9EE300J0S4O2S8S9D2



DISPOSICIÓN FINAL.

Esta Ordenanza foi aprobada polo Pleno en sesión celebrada en data XX de xx de 2021, e entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000B9EE300J0S4O2S8S9D2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 15/10/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/10/2021 12:21:22

EXPEDIENTE ::
2021APOF000005
Fecha: 07/10/2021
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E5000B9EE300J0S4O2S8S9D2

